



## **4º CONCURSO DE TARXETAS DE NADAL C.E.I.P. VISTERMOSA (Curso 2022/2023)**

Estimadas familias,

Como cada ano, e xa van 4, para dar a benvida ó Nadal dende a A.N.P.A. do C.E.I.P. Vistermosa convidamos un ano mais a todos os nenos e nenas a participar no 4º concurso de postais de Nadal.

Bases:

1. Poden participar todos/as os/as alumnos/as do centro. So se poderá presentar un debuxo por participante. **Ó igual que o ano pasado a postal será elaborada na aula como actividade de Plástica** (o propio colexio facilitará o papel para elaborar a postal así como o sobre para presentar o traballo ó concurso). A presentación ó concurso da postal feita na aula non é obrigatoria, cada neno e nena decidirá se quere presentala ou non, aínda que animamos a todos e todas a participar.
2. Os traballos entregados non levarán ningún dato persoal agás a categoría na que participa (infantil, primaria 1 e primaria 2-*ver o apartado 5 de categorías*). Os datos do/a autor/a (nome, apelidos e curso) irán nun sobre pechado adxunto (grapado) á obra presentada. Este non será aberto ata o día en que se entreguen os premios, de tal xeito que será completamente anónimo.
3. As postais realizaranse en formato A5, e se poderán decorar por diante e escribir unha mensaxe por detrás, se así o desexan os/as nenos/as participantes. Ás técnicas á empregar son totalmente libres e a temática, por suposto é o Nadal, pero entendida por cada neno/a como mellor lle pareza.
4. Establécense tres categorías:
  - Infantil (**infantil**)
  - 1º, 2º e 3º de primaria (**primaria 1**)
  - 4º, 5º e 6º de primaria (**primaria 2**)
5. Haberá un/unha gañador/a por categoría, que recibirá un pequeno obsequio e un diploma, e ademais haberá un/unha finalista en cada categoría. Vanse elixir dúas postais por categoría e de esas dúas sairá o/a gañador/a e o/a finalista, que tamén terá unha pequena recompensa. O xurado estará formado por 2 membros de administración e servizos do centro, 2 profesores/as que se voluntarios/as e que non sexan os/as que realizaron a actividade cos nenos, e gustaríanos contar tamén con outros 2 pais e/ou nais que se presten a participar.
6. A data límite para facer as postais será o venres día **18 de decembro** e os/as gañadores/as serán anunciados/as e os premios entregados o **martes 22 de decembro** pola mañá.
7. A participación no concurso da A.N.P.A. supón a aceptación das decisións do xurado, así como as súas bases. O único que se pretende é que os nenos o pasen ben nestas datas que tanto lle gustan.

**ANIMAMOS A QUE TODOS OS NENOS PRESENTEN OS TRABALLOS QUE FAGAN XA QUE SE VAI VALORAR A CREATIVIDADE E A ORIXINALIDADE, E NON A PERFECCIÓN DOS TRABALLOS.**

**¡GRAZAS A TODOS E TODAS POLA VOSA PARTICIPACIÓN!**